




UNIVERSIDADE
DE VIGO

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 26 de xuño de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de maio de 2019.
- * Aprobación da denuncia do convenio de adscrición do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE) á Universidade de Vigo.
- * Aprobación da I edición do Curso de Especialista en Tecnoloxía de Quinta Xeración e da I edición do Curso de Especialista en Delegado de Protección de Datos.
- * Aprobación da prórroga como profesora emérita de Dª. Camiño Noia.
- * Aprobación do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Universidade de Vigo para a adscrición a dita universidade do Centro Universitario de la Defensa, ubicado na Escuela Naval Militar de Marín.
- * Aprobación da remisión para a súa aprobación polo Claustro Universitario da proposta do regulamento electoral xeral da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do cambio da data límite de entrega de actas dos Traballos de fin de Máster (TFM) no calendario do curso académico 2018-19.
- * Aprobación do texto refundido do regulamento de axudas de custo.
- * Aprobación da conta de liquidación do orzamento do exercicio 2018 da Universidade de Vigo.
- * Aprobación de varias solicitudes de incorporación con cargo ao remanente de libre disposición do exercicio 2018.
- * Aprobación do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Facenda, e a Universidade de Vigo para o acondicionamento e a cesión das plantas quinta a séptima do edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra.
- * Aprobación do regulamento do persoal investigador honorífico da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da remisión para a súa aprobación polo Claustro Universitario da creación do Centro de investigación en tecnoloxías, enerxía e procedementos industriais (CINTECX).
- * Aprobación da modificación da normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación do regulamento da comisión de política lingüística da Universidade de Vigo.

Vigo, 27 de xuño de 2019

O secretario xeral,



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.